

ACTIVIDADES ANUALIDADE 2008-2009

Dende a plataforma temos identificado nun elevado número de industrias agroalimentarias dous tipos de actitudes ben distintos fronte as actividades de I+D+i . Por un lado atopamos empresas descoñecedoras de calquera aspecto relacionado coa innovación ou ben aquelas que inda sendo coñecedoras destas actividades, amósanse indiferentes as mesmas.

Por outro lado observamos empresas que, se ben, se atopan mergulladas en actividades de I+D+i ao longo dos últimos anos non se lanzan a desenvolvelas máis alá do ámbito xeográfico de Galiza, ou de facelo (e nunha porcentaxe moi baixa) non suelen afastarse do marco nacional.

A participación en actividades de I+D é hoxe en día fundamental xa non para competir senon para subsistir, e a participación global en actividades de I+D enriquece á industria aportándolle un coñecemento que de diversa modos se traduce nun incremento das vantaxes competitivas.

Consideramos que a Ptgal pola masa crítica que agrupa, pola relación que mantén coa administración , coa industria e coa comunidade científica é o foro ideal para intentar corrixir estas debilidades.

O proxecto desenvólvese por dúas vertientes diferenciadas pero intimamente relacionadas entre si e en concordancia cos obxectivos perseguidos .

A primeira que poderíamos calificar de "continuista" coas accións realizadas ata o momento e a segunda de "ampliación" coa que se pretende acadar unha repercusión internacional .

-Liña continuista:

Encamiñadas a achegar a Ptgal, e con elo as actividades de I+D+i, a todas as empresas do sector, especialmente dirixidas a ese primeiro tipo de empresas descrito como indiferentes ou descoñecedores desta temática. O pasado ano como se verá na memoria técnica o incremento da masa crítica da Ptgal foi realmente impresionante, consideramos que esta labor debe continuar e acompañar transversalmente as actividades que ordinariamente se realizan na Ptgal.

- Liña de ampliación/internacionalización

A posta en marcha de mecanismos que fagan de trampolín para a industria cara a España e Europa, facendo do sector agroalimentario galego, un sector adulto, relacionado co exterior e coñecedor das oportunidades que se presentan máis alá das nosas fronteiras.

En definitiva o que se pretende coas actuacións que a continuación se describe é fortalecer e incrementar a competitividade do sector a través de unha maior e mellor participación nas actividades de I+D.

1. Promover e presentar a Ptgal a outras entidades

Manter relacións con entidades ligadas ao sector agroalimentario no ámbito nacional e incluso internacional que permitan identificar a Ptgal como o motor das actividades de i+D en Galicia. As tarefas a realizar serán:

- 1) Asistencia a conferencias, infodays e outros eventos relacionados coa plataforma Food for life, Ainia e Centros Tecnolóxicos a nivel nacional.
- 2) Establecemento de contactos vía mail, teléfono que nos permitan estreitar relacións.
- 3) Detectar e establecer contactos comúns ás redes.
- 4) Buscar sinerxias entre as dúas plataformas (liñas de interese, integrantes, proxectos..).
- 5) Identificar posibles vías de cooperación que nos dirixan a consecución de traballos conxuntos.

2. Implementación de un sistema de xestión de alertas e difusión que permita detectar posibilidades para a participación das empresas en proxectos europeos.

O desenvolvemento do sistema constará de catro fases:

- 1) Análise dos canles de recepción de propostas dispoñibles no sector agroalimentario. Centrarémonos nas principais redes de difusión de ofertas como CORDIS, CDTI, GALACTEA E PYMERA.
- 2) Desenvolvemento de un procedemento de traballo específico para adecuar a xestión,

seguemento e control das ofertas, de tal modo, que o proceso de selección e resposta a estas oportunidades se realice de maneira áxil e eficaz , a fin de aproveitar aquelas invitacións para formar consorcios o máis útil e focalizadas cara as empresas da Ptgál.

- 3) Desenvolver unha ferramenta telemática para a xestión da búsqueda de socios que permita aos integrantes da plataforma dar resposta a aquelas alertas que sexan do seu interese. A entrada dunha oferta de proxecto europeo xerará un mail de notificación ás empresas da plataforma .Estudiarase a posibilidade de desenvolver un sistema RSS de recepción de alertas de proxectos adaptada ás capacidades e intereses das empresas. Así, calquera interesado por algunha das alertas recibidas, terá acceso ao formulario de resposta para responder ao coordinador do proxecto ou xestor da oferta.

O sistema de resposta poderá implementarse de tal xeito que permita un sistema de control e elaboración de indicadores de resultados ás respostas ou mostras de interese por parte das empresas.

3. Potenciar as sinerxias con outras plataformas galegas.

No proceso de elaboración da A.E.I un dos paneis adicouse, entre outros temas, á identificación de inquietudes comúns con outras plataformas. Naquel momento moitas das plataformas que hoxe están creadas non naceran, e NEURONA era un proxecto. Na actualidade temos identificadas novas plataformas

coas que consideramos ter posibles temáticas comúns.

Aproveitando este novo instrumento que é Neurona, pretendemos coa súa colaboración realizar as seguintes actividades:

- 1) Contactar con aquelas plataformas que no seu momento foron identificadas con intereses comúns coa Ptgál co fin de actualizar o cruce de prioridades que serán engadidas na revisión da A.E.I e que nos gustaría foran incluídas tamén nas súas axendas. Nesta acción estarían incluídas as seguintes plataformas: Acuicultura, Materiais, Vindeira e Madeira.

- 2) Contactar coas novas plataformas coas que podemos identificar sinerxias seguindo o mesmo proceso que se realizou coas primeiras, estamonos a referir ás plataformas de Biotecnoloxía, Envite e Tecnopeixe.

3) Elaborar un protocolo de intercambio de información interplataformas, preferiblemente a través de Neurona, que nos permita xerar proxectos e actividades conxuntas.

4. Informes de vixilancia tecnolóxicas

A vixilancia tecnolóxica converteuse nun formato case que indispensable para apoiar a toma de decisións en xeral e encanto a execución de actividades de I+D en particular.

Preténdese xerar estudos concretos relacionados con aquelas prioridades identificadas como de maior interese dentro dos grupos de traballo e acordos coas necesidades cualificadas na A.E.I como de alta prioridade, relevancia e aplicabilidade.

Dende a Ptgal querease ofrecer ás empresas a posibilidade de acceder aos resultados de un traballo de búsqueda, detección e análise de ameazas e oportunidades externas no ámbito da ciencia e tecnoloxía agroalimentaria que lles ofrezca información verificada para amparar as súas decisións.

Esta actividade comprende catro fases:

- 1) Definición: Consulta dentro dos grupos de traballos das temáticas concretas a estudar.
- 2) Elaboración: Búsqueda, detección e análise da información, esta fase farase a través de servizos externos contratados pola Ptgal.
- 3) Revisión: O informe elaborado na fase anterior será analizado por expertos integrados na Ptgal que manifestaran a súa opinión facendo achegas sobre posibles melloras aos mesmos.
- 4) Validación :Unha vez incorporadas e estudadas as aportacións dos expertos , elaborárase unha versión definitiva do informe final.

5. Revisión da A.E.I

A actualización da axenda estará vinculada por unha banda ás actividades dentro dos grupos de traballo e aos proxectos xerados na última anualidade. Por outra banda, existen temáticas na axenda estratéxica de Investigación que non están relacionadas coas temática de ninguno dos grupos de traballo da plataforma.

Por este motivo, proporase a creación de un grupo de expertos encargado de analizar a necesidade de matizar, reafirmar ou se fose necesario eliminar certas prioridades.

A información para a actualización da A.E.I recollerase nas seguintes fases:

- 1) Análise das temáticas abordadas nos proxectos presentados na última anualidade. Isto permitirá discriminar aquelas nas que se están a desenvolver actividades das que se atopan aletargadas.
- 2) Aportacións dos dinamizadores de cada grupo de traballo.
- 3) Información sobre temáticas comúns con outras plataformas galegas.
- 4) Creación de un grupo de expertos formado por integrantes da comunidade científica e das empresas da Ptgál con un perfil definido e interesados en participar que aportaran as súas opinións sobre a información recadada no apartado a, b e c.

6. Ampliación do grupo de dinamización

Para esta nova anualidade é máis que probable que se creen novos grupos de traballo e necesitaremos asignarlles , tanto a estes como aos xa creados, un dinamizador con coñecementos profundos do sector e da temática particular do grupo no que asuma o papel de líder co fin de transmitirle o impulso necesario para xerar proxectos cooperativos.

A metodoloxía a seguir será moi similar á plantexada para o pasado ano:

1) Identificación e proposta de candidatos: Contactos con entidades, que cumprindo os requisitos mencionados, se comprometan a liderar un grupo de traballo. Unha vez aceptada esta responsabilidade os interesados conxuntamente coa Ptgal acometerán os seguintes pasos.

2) Definición de tarefas a desenvolver.

Entre estas actividades e dependendo do tipo de axente dinamizador (consultora, entidade pública,...e do grupo, definirase:

-Protocolo de funcionamento interno.

-Obxectivos (xeración de proxectos).

3) Formulación de proxectos e outro tipo de actividades.

7. Revisión, ampliación e edición do catálogo de servizos

Inda que o número de grupos de investigación e entidades participantes non é nada despreciable (65 grupos), esta masa débese incrementar non so con grupos que realicen traballos específicos no sector agroalimentario, senon con outros grupos que desenvolvendo en principio actividades máis afastadas se

poden identificar de interese por medio do cruce de prioridades realizadas con outras plataformas.

Podemos definir así catro fases para esta actividade:

a) Revisión. Recadar a opinión dos integrantes da Ptgal e dos grupos de investigación participantes sobre o modelo elaborado. Recoller aportcións sobre posibles melloras.

b) Ampliación da oferta con novos grupos relacionados directa ou indirectamente co sector agroalimentario.

c) Estudio da posibilidade de ampliación de detalle dos contidos.

d) Publicación vía web do resultado.

8. Actividades ordinarias da Ptgal e outras actividades

A través das secretarías técnicas seguirán a realizares, entre outras, as actividades diarias da Ptgal: contidos da web, comunicacións, xestión de base de datos, actividades de apoio aos grupos de traballo,. xestión de documentación e todas aquelas que xurdan do traballo habitual da Ptgal.

A Ptgal ten previsto dentro da tarefa de mantemento dos grupos de traballo organizar xornadas participativas dos grupos de traballo e seminarios sobre temáticas específicas por subsectores (cárnicos,lácteos...) e transversais (seguridade alimentaria, alimentos funcionais...). Tamén apoiará especialmente as actividades de formación como estratexia de dinamización de I+D e que serán xestionadas polo grupo de traballo correspondente.